

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 30 de marzo de 2023 na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo e no Paraninfo, que poden ser do seu interese:

- \* Aprobación da acta correspondente á sesión ordinaria do 2 de marzo de 2023.
- \* Aprobación do límite de prazas en titulacións de grao para o curso 2023/24.
- \* Aprobación do límite de prazas en titulacións de máster para o curso 2023/24.
- \* Aprobación da tramitación da modificación do título de Máster Universitario en Avogacía e Procuradoría.
- \* Aprobación da solicitude de transferencia de crédito para obras e reparacións na Facultade de Ciencias Empresarias e Turismo do Campus de Ourense.
- \* Aprobación do acordo das Universidades públicas do SUG sobre os procedementos de admisión aos estudos universitarios oficiais de grao para o curso 2023/24.
- \* Aprobación da ponderación das materias para o acceso á Universidade de Vigo.
- \* Aprobación da suspensión de actividade do Instituto de Electrónica Aplicada.
- \* Aprobación do Regulamento de réxime interno do Instituto Universitario de Física e Ciencias Aeroespaciais.
- \* Aprobación do calendario académico do Centro Universitario da Defensa (CUD), adscrito á Universidade de Vigo, para o curso 2023/2024.
- \* Elección dunha representante, polo sector PDI, na Comisión Delegada de Planificación e Asuntos Económicos do Consello de Goberno:
  - María Concepción Paz Penín.
- \* Elección dunha representante, estudante do ámbito Campus do Mar, no Comité de Dirección da EIDO:
  - María Alborja Valado.

O secretario xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.